

## Caderno da crítica

Blogue de Ramón Nicolás. Fotos  
cabezallo: Anxo Cabada

### Espelho de mim mesma, de Cruz Martínez

Published o 18 Xuño 2014 por [Ramón Nicolás](#)

#### Cruz Martínez

*Espelho de mim mesma*

Círculo Edicións, Vigo, 2014, 156 páxinas.


Dá os seus primeiros pasos como autora dun libro individual de poemas a escritora [Cruz Martínez](#) quen, por outro lado, xa posúe unha longa bagaxe como parte activa de numerosos colectivos poéticos, coorganizadora na actualidade do [Círculo Poético Aberto](#) e colaboradora tanto en libros de autoría colectiva como en diversas revistas de carácter literario. Currículo literario ao que se veu engadir, non hai moito tempo, o título [Xerografía em branco e negro](#), con limiar de Alexandre Insua Moreira.

*Espelho de mim mesma*, dalgún xeito, explora as posibilidades que ofrece adoptar a perspectiva de quen que colle un “lápis combativo e combatente” como sinala no limiar do volume o poeta Moncho Iglesias Míguez. Un eu lírico que percorre, a través dos cinco bloques nos que se distribúen as composicións, unha araña alicerzada pola recreación dos espazos más íntimos e privativos, pasando por eixes onde non é menor o peso do erotismo e a sexualidade, ata outros poemas de marcado ton reivindicativo.



No libro establecese un diálogo suxestivo entre ilustracións e fotografías, as más pertencentes a Luís Viñas, e a palabra poética da autora. Nesta última orde non é difícil reparar na ollada singular e intensa que se proxecta en elementos quer do ámbito natural quer das dimensións más urbanas, quer dos sentimientos propios quer da sociedade que nos rodea, e que se captan nun instante traslucindo as connotacións desa primeira impresión, real ou imaxinada, en tantas ocasións servíndose do recurso á imaxe visionaria. Velaí como a palabra de Cruz Martínez, por veces incorporada a vídeo-poemas dos que se dá conta neste libro, permite asomarnos á sombra que deita un tranvía lisboeta ou á presenza impoñente e sobrecolledora da Panificadora viguesa, posibilita lermos poemas de circunstancias dedicados, por exemplo, a Cabanillas ou Novoneyra (mesmo aquel que fala da morte do pai), e tamén aqueloutros que reparan na memoria; dos que tracexan con pulso firme os eidos do erotismo até os que percorren unha visión crítica dos abismos dolorosos do noso tempo, sobre todo os infrinxidos ás mulleres e aos golpeados pola historia, unha vez máis.

*Espelho de mim mesma*, publicado nun selo editorial que tamén comeza a dar os seus primeiros pasos, pódese atopar nalgunhas librarías do país como son Andel e Cartabón, na cidade de Vigo, e mais Pedreira, de Santiago de



Compostela. Deséxolle a mellor das sortes ao libro e á autora.

Esta entrada foi publicada en [Crítica literaria](#), [Literatura galega](#), [Poesía](#) e etiquetada [Alexandre Insua](#), [Círculo Edicões](#), [Cruz Martínez](#), [Espelho de mim mesma](#), [Moncho Iglesias](#). Garda a [ligazón permanente](#).

---

**Caderno da crítica**

*Funciona con WordPress.*